

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS**  
**ESPECIALIDADE DIRECCIÓN**  
**CURSO 2020/2021**  
**CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA**  
**TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO RD 631/2010)**

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DIRECCIÓN									
ESPECIALIDADE:	Dirección				ITINERARIOS:		-		
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:		COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	Dirección				XEFE DE DPTO.:		Fernando López Briones		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DISCIPLINA:		DA	Fernando Vázquez Arias	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Observacións: O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo.
ECTS/CUAD.							10		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Fernando Vázquez Arias				cantatamelida@gmail.com		Venres de 10 a 11h		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Programación e interpretación dun concerto público para orquestra, banda ou coro. Elaboración e defensa dunha memoria xustificativa que deberá de atender polo menos ás seguintes consideracións: razoamento estético e artístico do repertorio elixido, finalidade da súa recepción (público, estudantado, contorno sociocultural, etc.) e descrición técnica (ensaos, instrumentación, acústica, etc.).</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS DE CONTIDOS PROGRESIVOS, INTERESE DA DISCIPLINA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA TITULACIÓN: é necesario unha boa base a nivel artístico e xeral, así como a capacidade de expresarse e de liderazgo.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X7, X8, X10, X11, X12, X14, X15, X17, X18, X21, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED1, ED2, ED3, ED4, ED7, ED8, ED9, ED10, ED11, ED12
Ver a lista e descrición de competencias no Real Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Elaborar e defender unha memoria xustificativa que deberá de atender polo menos ás seguintes consideracións: razoamento estético e artístico do repertorio elixido, finalidade da súa recepción (público, estudantado, contorno sociocultural, etc.) e descrición técnica (ensaos, instrumentación, acústica, etc.).	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X18, X25, ED2, ED4
2. Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos ao longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T7, T9, T10, T13, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X25, ED1, ED7, ED9, ED10, ED12

4. CONTIDOS e TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
Exercicio práctico. Interpretación	1.1. Elección do programa presentado 1.2. Resolución dos diferentes problemas técnicos e interpretativos 1.3. Interpretación en público	15*
2. Exercicio escrito. Traballo académico	2.1. Xustificación e defensa do programada elexido 2.2. Recollida e xestión da información 2.3. Exposición pública e debate	5*
TOTAL SESIÓNS	*Variable dependendo das titorías recibidas polo alumno e do número e do número de titorandos que teña asignado cada titor sobre un número aproximado de 20 sesións.	
Ver punto 8: Observacións TOTAL SESIÓNS		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Proposta e elaboración dun programa de concerto	-	225	225
Proposta e elaboración dun traballo académico	-	55	55
Actividades introductorias, titorías, probas públicas	20	-	20
TOTAL HORAS			300

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
INTERPRETACIÓN (80% DA NOTA FINAL)			
Interpretación pública e de memoria do programa presentado	Dominio da técnica de xesto, comunicación, expresividade, control da agrupación e capacidade de resposta.		40%
	Madurez artística e interpretación		40%
	Control escénico e da memoria		20%
TRABALLO ACADÉMICO (20% DA NOTA FINAL)			
Defensa pública do traballo presentado e debate	Coherencia no desenrolo da defensa da memoria xustificativa.		30%
	Rigor científico nos contenidos de dita defensa		30%
	Exposición e debate		40%
<p><b>Deberanse aprobar os dous exercicios do TFE para superalo.</b> A cualificación do TFE será única e calculada a partir da media aritmética das emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión, expresada en termos numéricos con dous decimais. Elimínanse as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas e mínimas só será excluída unha de elas. No caso de non aprobar unha das dúas partes do TFE, e se a nota final ponderada resultara igual ou superior a 5, a cualificación final a indicar na acta será a metade da resultante.</p>			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No presente curso non cursa esta disciplina ningún alumno con necesidades educativas especiais	

## 8. OBSERVACIÓNS

O examinando deberá ter en conta a seguinte lexislación: - Orde de 21 de novembro de 2016 (DOG 1/12/2016). - Circular 10/2014. - Protocolo para o desenvolvemento do TFE publicado polo Conservatorio Superior de Música de A Coruña - PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS CURSO 20/21

### **Procedementos e fases:**

- 1- O **19 de outubro** publicarase no taboleiro de anuncios listaxe coa asignación dos profesores/as titores/as para o TFE.
- 2- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviála ao xefe de departamento ata o **16 de novembro**. O modelo para presentar dita proposta atópase na páxina web do centro (apartado de Secretaría).
- 3- O departamento terá de prazo ata o **25 de novembro** para resolver as propostas. O xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o 9 de decembro para reformular a súa proposta. Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. En caso de que o cambio sexa aprobado polo departamento, deberá ser comunicado á xefatura de estudos. As propostas quedarán suxeitas á dispoñibilidade e recursos do centro. En caso de que polos recursos do centro resulte imposible aceptar todas as propostas, a Dirección reunirá aos afectados para tratar de consensuar un reparto de agrupacións. De non acadar un acordo, establecerase unha orde de prevaencia baseada na nota media do expediente académico.
- 4- **OS ALUMNOS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A PROPOSTA DE TFE ENTRE O 14 E O 18 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 12 DE XANEIRO.**
- 5- A entrega da **memoria xustificativa** realizarase na secretaria do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que en calquera caso, será con **tres semanas de antelación sobre a data do exame**. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o/a alumno/a non poderá realizar o exame. **Con carácter excepcional, os/as alumnos/as da especialidade de Dirección poderán realizar o TFE con anterioridade aos exames da convocatoria ordinaria do 2o cuadrimestre, quedando condicionada a cualificación do mesmo á superación de todas as disciplinas que conforman o seu plan de estudos.**
- 6- A memoria xustificativa deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas, tamaño DIN A4, letra arial, tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma en galego, outro en castelán, e outro nun idioma estranxeiro, de entre 300 e 700 palabras. O alumno/a dispón dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico. A continuación, o tribunal abrirá un proceso de debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte. Ademais, deberá cumprimentar o formulario correspondente, que levará o visto bo do profesor titor. Entregarase unha copia en papel debidamente encadernada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto con toda a información que se queira aportar para a elaboración dos programas de man, que alomenos deberá conter as obras a interpretar e breve currículo do/a alumno/a. Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro.
- 7- A proba práctica terá unha duración de entre 45 e 70 minutos de música con posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos. O repertorio presentado será aberto e libre, sempre coa supervisión por parte do titor e pendente da aceptación do departamento.

**Cando se detecte nun traballo entregado plaxio ou defecto de forma, este será cualificado de forma numérica con 0**

## ANEXO

Debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19, ademais da docencia presencial reflectida anteriormente faise necesario contemplar a docencia semi presencial e non presencial. Estas modalidades aplicaríanse en función dos posibles escenarios sanitarios.

**Na docencia semi presencial e non presencial, os apartados 1, 2, 3 e 4 son os mesmos que na docencia presencial.**

### **5- PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA:**

**5.1- Docencia semipresencial:** este tipo de docencia realizarase cando o/a alumno/a ou ben o/a profesor/a teñan que pasar un período determinado recluídos no seu domicilio, sempre que as súas condicións de saúde llo permitan. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX.

En caso de non dispoñer de unha calidade de conexión que permita a realización das clases mediante este tipo de plataformas ou similares, o/a profesor/a enviará por correo electrónico exercicios de tipo teórico-práctico baseados nas actividades do apartado 5 da modalidade presencial, e adaptándose aos medios de que dispoña o alumnado. O /A alumno/a desenvolverá estas actividades durante a hora de clase correspondente á asignatura e enviaraos realizados ao remate da clase.

**5.2- Docencia non presencial:** no caso de que se produza un confinamento total o alumno/a recibirá a súa docencia totalmente online no seu horario habitual para que non haxa ningún prexuízo de horario con respecto a outras disciplinas. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX.

En caso de non dispoñer de unha calidade de conexión que permita a realización das clases mediante este tipo de plataformas ou similares, o/a profesor/a enviará por correo electrónico exercicios de tipo teórico-práctico baseados nas actividades do apartado 5 da modalidade presencial, e adaptándose aos medios de que dispoña o alumnado.

### **6- AVALIACIÓN (SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL)**

#### **- CONVOCATORIA ORDINARIA e EXTRAORDINARIA**

As ferramentas de avaliación, criterios de avaliación, competencias avaliadas e ponderacións serán os mesmos que na avaliación presencial. As ferramentas 1 e 2 desenvolveranse durante o período non presencial (sexa total ou parcial) segundo as actividades reflectidas no apartado anterior. No caso de ter que desenvolver o TFE nun período de non presencialidade, o concerto poderá ser substituído por un traballo teórico práctico sobre as obras propostas, (ou outras co visto e prace do departamento), no que o alumno amosará o seu dominio técnico en canto a dirección das partituras, cantando se é preciso ditas obras. Poderá axudarse de gravacións de audio co fin de facilitar dito traballo.